


Coñeces os teus dereitos?

Sabes como actuar ante discriminacións ou violencias pola túa orientación, identidade ou expresión de xénero? **Que son as violencias LGBTIfóbicas?**

As violencias LGBTIfóbicas son **calquera acto de discriminación, exclusión, agresión ou abuso dirixido a persoas pola súa orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais.**

Poden ser físicas, verbais, simbólicas ou institucionais, e suceden tanto en espazos públicos como privados: na escola, no traballo, na rúa, na familia ou nas redes sociais. **Como se manifesta?**

- Insultos, burlas ou ameazas por ser lesbiana, gay, bisexual, trans, intersex ou queer.
- Negar o teu nome ou xénero sentido en centros educativos ou sanitarios.
- Despedimentos ou discriminación laboral por orientación ou identidade.
- Agresións físicas ou sexuais.
- Violencia na parella dentro de relacións LGTB.
- Invisibilización institucional ou falta de acceso a recursos básicos (saúde, vivenda, coidado, educación).



liberdade de ser e sentir!

www.seresentir.gal

#seresentir

#DeputacióndaCoruña



BREVE GUÍA DE ACTUACIÓN EN CASO DE VIOLENCIA LGTBFÓBICA

Sabes que facer?



SE TI ES A VÍTIMA

A túa vida corre perigo?

- Contacta co 112 inmediatamente.
- Tenta fuxir da situación de perigo e procura un espazo seguro.
- Se é posible, avisa a alguén da túa confianza.

A túa vida NON corre perigo, pero sufriches unha agresión verbal, física ou psicolóxica?

- Busca apoio en entidades LGTB ou en servizos municipais (educación, saúde, benestar).
- Non estás só/soa/soi. Pide acompañamento para denunciar.
- Garda probas (mensaxes, imaxes, testemuños).

Podes denunciar a través de:

- Policía Nacional: 091
- Garda Civil: 062
- APP AlertCops
- Servizos Sociais Municipais
- Entidades de apoio LGTB+

SE A VÍTIMA É OUTRA PERSOA

- Actúa con coidado. Prioriza a seguridade: protéxete para poder axudar.
- Notifica a situación se hai perigo inmediato.
- Se é seguro, acompaña á persoa e ofrécelle apoio sen forzar testemuños.
- Infórmaa dos recursos dispoñibles no concello ou na comarca.
- A túa palabra como testemuña pode ser clave.
- Evita os xuízos ou cuestionamentos: a vítima pode sentirse confundida, con medo ou bloqueada.

ANTE UNHA AGRESIÓN SEXUAL LGTBFÓBICA

- Valora se é precisa atención urxente.
- Se é posible, non cambies de roupa nin te laves.
- Acude ao hospital ou centro de saúde máis próximo.
- A decisión de denunciar é sempre da vítima.
- Contacta con entidades que ofrecen acompañamento especializado.

Lembra:

- Ninguén debe xustificar ou ocultar unha agresión.
- O Teu corpo, a túa identidade e a túa forma de amar merecen respecto.
- Denunciar é un dereito, non unha obrigaón.
- Podes pedir apoio, sempre. E hai quen te acompañará.

Para saber máis:

Consulta a web da campaña SER E SENTIR:

👉 www.seresentir.gal

Descarga recursos, guía de actuación, materiais didácticos e accede ao mapa de entidades de apoio en Galicia